



Vogais do Consello Asesor do Museo de Pontevedra

Joaquín Martínez Silva

Portas, 1971

COMPETENCIAS

- ✓ Comunicación audiovisual
- ✓ Xestión e organización de eventos
- ✓ Branding
- ✓ Desenvolvemento de produto turístico

Diplomado en Relacións Laborais pola Universidade de Vigo e Máster en Xestión cultural, espazos escénicos, eventos e xestión e explotación pola Universidade de Alcalá de Henares, na actualidade é o director de EsmerArte Industrias Creativas S.L.U., unha axencia creativa dedicada a conectar as marcas co seu público a través de experiencias.

Conta cunha extensa traxectoria no ámbito cultural e dispón dunha perspectiva ampla do sector, tanto dende o punto de vista industrial como socioeconómico, que provén das súas anteriores iniciativas empresariais.

A súa formación, especializada en recursos humanos e dirección de empresas e na xestión cultural, outórganlle unha actitude responsable de permanente defensa das melloras do sector, dende a concienciación das propias empresas que conforman o campo da produción e a promoción, á loita pola profesionalización do sector, e á colaboración intensa coas institucións para conseguir un desenvolvemento sostible das industrias culturais.

A súa andaina, que comezou como unha empresa especializada na xestión da carreira de músicos singulares, pronto se ampliou ata acadar o formato de axencia creativa e desenvolver proxectos culturais capaces de espertar emocións a través do talento e a creatividade. Algunhas das súas principais iniciativas oríentanse cara á produción e comunicación audiovisual, a xestión e organización de eventos e espazos escénicos, ou o desenvolvemento de marca e produto turístico.

Forma parte do tecido cultural galego a nivel estrutural, exercendo a presidencia de AGEM (Asociación Galega das Empresas Musicais) e como membro de asociacións como ARTE (Asociación Nacional de Representantes Técnicos do Espectáculo), ou APM (Asociación Nacional de Promotores Musicais).



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

